

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANUNCIO COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL E DE LISTAXE DEFINITIVO, (CON CORRECCIÓN DE ERROS), DE PERSOAS ADMITIDAS E DATA DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN, NO PROCESO DE SELECCIÓN DUN TÉCNICO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO A-1, PARA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO POR VACANTE.

Visto que por medio de resolución desta Alcaldía de data 21 de marzo de 2019, nº 163/2019 resolveuse aprobar as bases e convocatoria do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario/a interino/a para a cobertura da praza vacante no cadro de persoal municipal do concello de Ponte deume, Técnico Superior en Administración Xeral, adscrito á Area de Administración Xeral e Réxime Interior, Funcionario da escala de Administración Xeral, Grupo A.

Visto que no Boletín Oficial de Provincia nº 62 de data 1 de abril de 2019 se publicou o anuncio das bases da convocatoria.

Visto que pola Alcaldía-Presidencia deste Concello, ditáronse as Resolucións nº 249/2019 e 256/2019, pola que se aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas e se nomeou o tribunal no Proceso de selección de Técnico de Administración xeral.

Visto que por resolución da Alcaldía núm. 264/2019 de 10 de maio, aprobouse a lista definitiva de admitidos do proceso de selección.

Visto que na resolución onde se nomeaba o tribunal de selección, figuraba como segundo vogal titular D. Carlos Pérez González Xefe de Servicio de Planeamento e Xestión do Solo do Concello da Coruña, sendo a súa suplente Dona Ana María Gómez Peña, Interventora do Concello de Mugardos.

Vista a comunicación do Concello de A Coruña, referido a imposibilidade de que Don Carlos Pérez González, poida formar parte como membro do tribunal do proceso de selección.

Visto tamén, polas comprobacións realizadas, que na lista definitiva de admitidos no proceso de selección dun técnico/a superior de administración xeral, figura dona Alba Lyddia López Caneiro, cando en realidade a solicitude e para o posto de administrativo C1 adscrito á área de formación, emprego e desenvolvemento local.

Visto tamén que na citada lista definitiva de admitidos, non figura incluída na mesma dona Carmen Del Río Rodríguez, cando se comproba que a aspirante presentou a súa solicitude para participar no proceso de selección dun técnico/a superior de administración xeral, na data do 10 de abril de 2019, e que reúne todos os requisitos para a participación no proceso.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Modificar a constitución do tribunal de selección, debido á imposibilidade da asistencia ao mesmo de don Carlos Pérez González, e nomear:

2º Vogal titular: Dona Ana María Gómez Peña, Interventora do Concello de Mugardos.

Suplente: Dona Cristina Morán Mouzo, Interventora do Concello de As Pontes de García Rodríguez.

SEGUNDO: Modificar a lista definitiva de admitidos no proceso de selección, e incluír na mesma a Dona Carmen del Río Rodríguez, con dni ***1743**.

TERCEIRO: Modificar a lista definitiva de admitidos no proceso de selección e excluír da mesma a Dona Alba Lydia López Caneiro, con dni ***0377**

CUARTO: Aprobar a lista definitiva de admitidos no proceso de selección, a que coas correccións



correspondentes, se indica de seguido:

LISTADO ADMITIDOS.

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	BARRO LÓPEZ OLALLA	***3757**
2	BOUZA CALVO RUBEN	***9339**
3	DE LUIS CARBALLADA CARLOS	***5071**
4	DEL RÍO RODRÍGUEZ CARMEN	***1743**
5	FILGUEIRA CANEIRO EIRAVEDRA ALBA	***0928**
6	LEIRA BELOSO MARÍA	***7220**
7	LÓPEZ VILLAR CARMEN	***6873**
8	NUÑEZ PENA ANAIS	***9105**
9	PÉREZ TORRES VIRGINIA	***0274**
10	PÉREZ VÁZQUEZ DIGNA MONTSERRAT	***8536**
11	PICO MARÍN SARA MERCEDES	***1362**
12	POUSO FUSTES MARÍA SANDRA	***6974**
13	PONTE REIRIZ IRIA	***1715**
14	ROCA VÁZQUEZ MARÍA	***4609**
15	SOUTO IGLESIAS NATALIA	***1000**
16	TEIJEIRO MOSQUERA MANUEL GABRIEL	***7887**
17	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ ANA MARÍA	***6932**

SEGUNDO.- Publicar o anuncio da lista definitiva de admitidos no taboleiro de anuncios do concello así como na páxina web municipal www.pontedeume.es.

TERCEIRO.- Convocar ao tribunal de selección o vindeiro día 14 de maio de 2019, as 13,00 horas, para a elaboración do primeiro exercicio da oposición. Convocar ao tribunal e aspirantes para a realización do primeiro exercicio da oposición, que terá lugar as 16,30 horas do mesmo día -martes- 14 de maio de 2019, no edificio FOREMDES deste Concello, sito na Avda. Ricardo Sánchez núm. 6 de Pontedeume.

CUARTO: Convocar ao tribunal de selección o vindeiro mércores 15 de maio de 2019 na Casa do Concello de Pontedeume, sita na rúa Real núm. 13, as 16,00 horas, para a corrección do primeiro exercicio da oposición e as 19,00 horas para a apertura pública dos sobres que conterán os datos dos aspirantes que realizaron o primeiro exercicio da oposición.

Ao apto de apertura pública, poderán asistir os aspirantes que así o desexen.

Documento asinado polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume.